

ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2021
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo Guerras cántabras (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Guerras contra cántabros e astures coas que remata o proceso de conquista da península Ibérica por parte de Roma. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Desenvólvense a finais do s. I a.C. (29-19 a.C.) -Foron dirixidas persoalmente polo emperador Augusto -A partir delas, Roma proclamou a <i>Pax Romana</i> , dando por rematado o seu proceso de expansión territorial. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -A derradeira batalla destas guerras produciuse no monte Medulio (25 a.C.), onde os cántabros se suicidaron de xeito masivo para evitar caer como prisioneiros. -A xustificación que Roma deu ás guerras foi deter as incursións destes pobos en territorios meseteños veciños xa controlados polos romanos para aprovisionarse de cereal. -Entre as causas profundas das guerras cántabras estaba a explotación das minas do norte peninsular. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Mozárabe (ata 0,5 puntos)

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:

(0,25-0,3)	-Cristián de orixe hispanovisigoda que vivía en Al-Ándalus durante a dominación árabe da península Ibérica. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Aínda que gozaban de tolerancia sobre o seu culto e certa autonomía interna, estaban obrigados a pagar un imposto ás autoridades musulmás. - O seu número foi diminuindo pola progresiva islamización da poboación peninsular (adopción dos costumes musulmás e a lingua árabe). -A convivencia entre mozárabes e musulmáns foi pacífica, pero algúns grupos de mozárabes acabaron fuxindo aos reinos cristiáns do norte da Península. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Estiveron presentes na Península entre os séculos VIII e XI. -Coa chegada dos almorábides no século XI, os mozárabes foron deportados masivamente ao norte de África. -A fuxida dalgúns destes membros cara aos reinos cristiáns do Norte peninsular fixo que se desenvolvese un tipo de arte prerrománica que leva o mesmo nome. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Gran Armada

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Gran frota organizada polo rei Felipe II para invadir Inglaterra. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -O ataque fracasou e os ingleses descualificaron a frota denominándoa sarcasticamente “armada invencible”. -A Gran Armada organizouse debido á política anticatólica, o apoio ao corsarismo e aos rebeldes flamengos da raíña Isabel I. -A decisión de retornar a España dando a volta polas illas británicas fixo que unha parte importante da armada fose desfeita polos temporais. Redacción: correcta

Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <p>-Estaba integrada por uns 130 navíos que partiron de Lisboa para arribar á canle da Mancha onde embarcarían os Terzos de Flandres.</p> <p>-Estivo comandada por Alonso Pérez de Guzmán, duque de Medina Sidonia.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>
------------------------------------	--

Definición do termo Motín de Esquilache

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <p>-levantamento popular que tivo lugar en Madrid durante o reinado de Carlos III</p> <p>-foi froito da oposición as medidas impulsadas polo ministro real Esquilache</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <p>-a orixe do conflito foi o descontento pola subida do prezo do pan provocada por malas colleitas e especulación</p> <p>-desenvolveuse nun contexto de malestar popular por outras medidas reformadoras do momento</p> <p>-as medidas pretendían mellorar a limpeza urbana e a iluminación da cidade</p> <p>-entre as medidas figuraban algunhas prohibicións: uso de capas longas, sombreros de ala ancha ou xogos de azar</p> <p>-Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):</p> <p>-tivo lugar en 1766</p> <p>-a situación foi aproveitada por grupos nobiliarios e eclesiásticos contrarios á política de reformas</p> <p>-a revolta tivo como consecuencia a caída de Esquilache e un xiro no programa reformista, emprendido agora por ministros españois</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo Pronunciamento

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Termo aplicado durante o século XIX para designar un golpe de Estado ou alzamento militar que tiña por obxectivo derrubar un Goberno. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Foron moi numerosos e decisivos na evolución do sistema político liberal español -Faise referencia explícita a algún dos numerosos pronunciamentos do s. XIX Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). - Houbo pronunciamentos de distinto signo político: liberais contra gobernos absolutistas, progresistas contra gobernos moderados e viceversa. - Faise referencia explícita a algún dos pronunciamentos do s.XIX indicando o seu signo política (por exemplo o pronunciamento liberal de Riego contra o réxime absolutista de Fernando VII, os pronunciamentos dos Sarxentos da Granxa, a Vicalvarada ou a Gloriosa, os pronunciamentos moderados de Narváez contra Espartero, de Martínez Campos en 1874...) - A inxerencia do exército na vida política foi un elemento que causou gran inestabilidade na construción do Estado liberal en España. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Encasillado/ Encaixado/Encadramento

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Mecanismo de fraude electoral característico da Restauración borbónica para manter a quenda de partidos ou <i>turnismo</i> . Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple

Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Consistía na negociación da lista entre o goberno e a oposición dos candidatos que debían saír elixidos nas eleccións. -A lista era pactada polos dous partidos liberais monárquicos (Conservador e Liberal). <p>- Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <ul style="list-style-type: none"> -A lista entregábase aos gobernadores civís de cada provincia para que a transmitisen aos alcaldes dos concellos, nomeados por ditos gobernadores. -A nivel local, os caciques eran os encargados de garantir o resultado negociado. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo Desastre de Annual

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Derrota sufrida polo exército español ante os rifeños en 1921 durante a guerra de Marrocos. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Supuxo grandes perdas territoriais e numerosas baixas no exército. -As cabilas rifeñas estaban dirixidas por Abd-el-Krim, -As operacións do exército español foron planificadas e executadas baixo o mando do xeneral Silvestre. - Este desastre provocou un forte impacto na opinión pública española e agudizou a crise da Restauración. <p>- Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <ul style="list-style-type: none"> -O goberno organizou unha comisión de investigación do sucedido dirixida polo xeneral Picasso. -Os rifeños fixéronse co control da zona proclamando a independencia da República do Rif. -Acentuou o desprestixio do exército e do propio monarca, Afonso XIII, a quen se lle atribuíu parte da derrota.

	<p>-Foi causa directa do golpe de Estado e da ditadura de Primo de Rivera en 1923.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>
--	---

Definición do termo Brigadas Internacionais

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil (1936-39) defendendo a República. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. - Houbo brigadistas de máis de 50 países, destacando a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. <p>- Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo. - Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid, en novembro de 1936. - Abandonaron o país trala derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938) polas presións do Comité de Non Intervención. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Pregunta a desenvolver : O Neolítico (ata 3 puntos)

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspense (0,9-1,2)	<p>Coñecementos:</p> <p>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9)</p>

	-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Comparación xenérica entre Neolítico e Paleolítico facendo referencia ao sistema de produción de alimentos, a tecnoloxía, o tipo de hábitat, a sociedade e as expresións culturais Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver : Os musulmáns na Península Ibérica (ata 3 puntos)

Suspenso (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenso (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -As causas da formación de Al-Andalus. -As etapas políticas de Al-Andalus. -Características esenciais da economía (principais actividades desenvolvidas e referencia ao seu carácter urbano e monetario) -Trazos principais da sociedade andalusí (diversidade étnica e relixiosa). -Referencia ao urbanismo das cidades musulmáns. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver : **A nova monarquía dos Reis Católicos** (ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A unión dinástica das Coroas de Castela e Aragón a través do matrimonio de Sabela de Castela e Fernando de Aragón. -A reorganización político-administrativa a través de novas institucións. -O sometemento da nobreza. -A política relixiosa Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver : **Economía e sociedade na Galicia dos Austrias** (ata 3 puntos)

Suspenseo (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenseo (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Sinalar os trazos máis salientables da agricultura galega e os cambios experimentados no s.XVII. -Comentar as principais características da actividade pesqueira. -Referenciar os trazos básicos da sociedade galega salientando o papel desenvolvido pola fidalguía. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións:

	<p>- resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>
--	--

Composición histórica: **O movemento obreiro** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5)</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2)</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (2,5-3)	<p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Contextualizar o desenvolvemento do movemento obreiro en España durante o Sexenio Democrático. -Referencia xenérica aos factores que permitiron a expansión do movemento obreiro neste período: a AIT e o dereito de asociación recoñecido na constitución de 1869. -Explicación básica dos principios esenciais defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista/socialista facendo referencia aos seus obxectivos e aos medios empregados para a súa consecución. <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Refírense as primeiras manifestacións do movemento obreiro anteriores a 1868 (ludismo, Sociedades de Socorros Mutuos, folgas) insistindo no seu carácter espontáneo e na súa escasa organización e repercusión en comparación coas organizacións obreiras do último terzo do s.XIX. -Analízase o proceso de implantación das ideoloxías obreiras en España: personalidades difusoras, zonas de maior arraigo de cada ideoloxía e cítanse as principais organizacións obreiras anarquistas e socialistas. <p>Uso dos documentos ademais do esixido para o aprobado,</p> <ul style="list-style-type: none"> -A resposta salienta o escaso desenvolvemento do movemento obreiro en España con anterioridade á constitución de 1869/Fai referencia ás vinculacións establecidas entre os primeiros núcleos do movemento obreiro en España e a AIT a partir do contido do doc.1 -Relaciona de xeito expreso partes do documento 2 cos principios da ideoloxía anarquista defendidos pola FRE. -Analiza as principais peticións dos socialistas e a súa actuación dentro da legalidade/Comenta a estratexia socialista de participar na vida política

	<p>e actuar pola vía pacífica mentres non ten lugar a revolución que acabe co sistema liberal-burgués (doc. 3).</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Analizar as distintas tendencias que coexistiron dentro do anarquismo no último terzo do s.XIX en España (anarquismo puro, anarco-sindicalismo e anarco-comunismo). -Facer fincapé na orientación anarquista da difusión da I Internacional en España, o que explica a identificación da FRE con dito ideario e o maior espallamento e arraigo das ideas anarquistas fronte as socialistas. -Referir a evolución do movemento obreiro no último terzo do s.XIX: momento álxido durante a Primeira República, intimamente relacionado co cantonalismo, e represión durante a Restauración polo temor que FRE-AIT xerou nos empresarios e políticos moderados (disolución e clandestinidade das organizacións obreiras). <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable no comentario analízase en profundidade o contido dalgún dos documentos)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relaciónase o doc.1 coa orientación anarquista da difusión da I Internacional en España: “os obreiros españois están dispostos a loitar cos seus irmáns contra esa formidable asociación do Exército, do Trono e do Altar”/Menciónase que Cataluña e Andalucía son zonas de forte implantación do anarquismo ademais de tradicionais focos de reivindicación proletaria. -Na análise do doc. 2 sublíñase a defensa do colectivismo económico por parte dos membros da Federación Rexional Española, o que supón de ruptura co sistema capitalista vixente. -Sinálase que a constitución da Comisión de Reformas Sociais evidencia que os gobernos liberais dos inicios da Restauración eran conscientes da necesidade de mellorar a situación da clase obreira. <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

Composición histórica: **As grandes reformas da Segunda República** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5)</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2)</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (2,5-3)	<p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Contextualización política e cronoloxía básica das reformas. -Referencia xenérica ás motivacións do programa reformista. -Reformas levadas a cabo, indicadas brevemente: militar, educativa, agraria, relixiosa...

	<p>-Referencia xenérica aos resultados obtidos (efectos limitados e oposición xerada polo programa reformista).</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -O contexto das reformas: sinalar a importancia da etapa do Goberno Provisional como punto de partida das mesmas, incidir no proceso que conduciu ao Bienio Reformista (aprobación da constitución de 1931, encargo do goberno a Manuel Azaña e alianza dos republicanos de esquerda e os socialistas). -Afondar nas reformas reflectidas nos documentos propostos: reforma militar, educativa e agraria: -Expor as circunstancias que facían necesarias ditas reformas. -Comentar outras medidas concretas levadas a cabo en relación coas mesmas. -Sinalar os seus efectos sociais, políticos, económicos... <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na resposta afóndase no comentario dalgún dos documentos propostos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -A resposta sinala o inicio das reformas xa durante o goberno provisional/ identifica como Ministro da Guerra a Manuel Azaña a partir do doc. 1. -Explica os obxectivos principais das Misións Pedagóxicas recollidas no doc.2 -Sinálanse os limitados efectos da reforma agraria a partir do doc.3 <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Referir a evolución das reformas ao longo da República. -Facer fincapé nos apoios e rexeitamentos que tiveron estas reformas, as cales contribuíron a crear as “dúas Españas” que se enfrontarán na guerra civil. -Falar da “mala xestión” da reforma agraria (protestas, levantamentos...) por parte do goberno de Azaña, que acabaría por custarlle o posto nas eleccións de 1933. -Facer referencia a outras reformas da República non recollidas nos documentos: reforma relixiosa, territorial e laboral. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgún destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Doc.1: Salientar o interese da República por modernizar o exército e facelo máis eficaz a través, entre outras medidas, da redución do número de oficiais ofrecéndolles condicións moi vantaxosas. -Doc.2: Facer referencia ao desexo do goberno de difundir os valores da República e da Constitución entre os sectores populares de todos os lugares de España/Salientar os obxectivos de alfabetización, democratización e difusión da “alta” cultura (teatro, música, literatura...). -Doc. 3: Comentar o espírito autocrítico do autor do balance, quen non nega os modestos efectos da reforma agraria malia ser el mesmo un dos seus promotores.

	Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado
--	--

Composición histórica: **A consolidación da democracia** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar o intento de golpe de estado no proceso de reformas políticas desenvolvidas polo goberno de Adolfo Suárez de cara a establecer a democracia en España. -Referir os factores que favoreceron a chegada dos socialistas ao goberno aludindo ás eleccións de 1982 como as “eleccións do cambio”. -Comentar as principais medidas levadas a cabo polos gobernos socialistas salientando o establecemento do estado de benestar e a integración de España nas institucións internacionais. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións): -Sinalar as principais causas do intento de golpe de estado e contextualizalo no proceso político de substitución do presidente do goberno (Adolfo Suárez por Calvo Sotelo). -Citar os principais conspiradores e a estratexia seguida no golpe de estado. -Facer referencia ao papel desenvolvido polo xefe de Estado ao respecto e as súas consecuencias. -Comentar o cambio político resultante das eleccións de 1982 coa vitoria do PSOE que puxeron fin ao proceso de Transición. -Relacionar a política do PSOE coa socialdemocracia europea. -Referir algunhas das medidas máis salientables a nivel económico, político e social dos gobernos de Felipe González. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, a resposta -Comenta a mobilización dos mandos do exército sublevado de xeito simultáneo en distintas zonas do estado (doc.1). -Analiza os resultados máis significativos das eleccións de 1982: maioría absoluta do PSOE e caída da UCD (doc.2) -Sinala a prioridade do goberno socialista por integrar España nas institucións económicas internacionais (doc.3). Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións)

	<p>-A oposición de parte da cúpula do exército á política dirixida polo ministro de Defensa Agustín Rodríguez Sahagún (que non era militar).</p> <p>-O sometemento definitivo do poder militar ao civil logo da actuación do rei durante o golpe de estado.</p> <p>- Indicar que a falta de solucións axeitadas xunto coa campaña de acoso ao Goberno levada a cabo pola oposición socialista desembocou nunha nova convocatoria de eleccións.</p> <p>-A polémica entrada de España na OTAN no goberno de Calvo Sotelo e o cambio de postura do PSOE respecto da mesma.</p> <p>-O proceso de integración na CEE: Tratado de Adhesión asinado en 1985, entrada en vigor en xaneiro de 1986 e período de adaptación ata 1992.</p> <p>-Os principais problemas aos que tivo que facer fronte Felipe González (por exemplo: terrorismo de ETA, corrupción e escándalos internos, folgas xerais e contestación social, reorganización da dereita...)</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, analízase en profundidade algún dos documentos):</p> <p>-Faise referencia ao suposto “baleiro de poder” argumentado polos militares conspiradores no doc.1 para xustificaren a súa acción/Sínálase que o rei era a única autoridade que recoñecían moitos xefes militares.</p> <p>-Afóndase nos resultados das eleccións de 1982 recollidos no doc.2. prestando especial atención ao derrubamento do voto de UCD, ao “salto” cara ao segundo posto de Alianza Popular cos “desertores” de UCD, o mantemento dos partidos nacionalistas e a continuada decadencia do PCE.</p> <p>-Coméntanse o compromiso adquirido por España de axustarse ás decisións e acordos do Consello das Comunidades Europeas recollido no doc.3.</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>
--	---